



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



A Universidade implementará no curso 2000/2001 novos planos de estudos de titulacións renovadas que foron modificados ó abeiro do Real Decreto 1497/87 do 27 de novembro polo que se establecen directrices xerais comúns dos planos de estudio dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e posteriores modificacións, axustándose tamén a Normativa da Universidade para a elaboración dos planos de estudio (Claustro Universitario do 16 de xuño do 97) que regula os principios, directrices xerais e mailo procedemento a seguir polos centros na reforma dos seus planos de estudos.

Son características desta reforma o aumento da troncalidade, a diminución do número de disciplinas que deberá cursar o alumno, e a homoxenización do número de créditos das titulacións: licenciaturas e diplomaturas así como a obrigaçión de recoñecerlle os alumnos que se adapten ó menos o 95 % dos créditos que teña superados.

A implantación destes planos de estudio nun só ano académico e o feito de que as táboas de adaptación aprobadas favorecen os procesos de adaptación dos alumnos vai a provocar en distintas titulacións situacións non reguladas; casos de alumnos que logo de adaptarse están en condicións de poder titularse sen necesidade de cursar ningunha materia,

Por todo o indicado resolvo

Primeiro.- Os alumnos que estean cursando unha titulación consonte a un plano de estudos renovado e non teñan superadas tódalas materias para poder obte-lo correspondente título poderán solicita-la súa adaptación o novo plano de estudos. Esta adaptación non se poderá resolver antes da entrada en vigor do novo plano de estudos reformado.

Segundo.- Se como consecuencia da resolución de adaptación os alumnos completasen os seus estudos sen ter que cursar ningunha materia, poderán solicita-lo título polo novo plano de estudos na Unidade de Xestión Académica que xestiona a súa titulación.

Terceiro.- O curso académico de finalización dos estudos e a convocatoria para os efectos de expedición do título que se terá en conta será o que corresponda á data da resolución de adaptación pois tratase da finalización de estudos por adaptación.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2000-



O RECTOR

Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral Srs. Decano/as e directo/as de centro, Sra. Xefa do Servizo de Alumnado, Sr/as Xefes das Unidades de Xestión Académica, Sr. Director do COIE, Sr. Director do SEIN.